

# A NOSA TERRA

## BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN  
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15 América id.... 2  
PAGO ADIANTADO

NUMERO 105  
A CRUÑA 15 DE SANTOS DE 1919

Redacción e Administración:  
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

### A II Asambleia nazionalista galega

## CONCRUSIOS APROBADAS EN SANTIAGO

#### POLITICAS, ECONOMICAS E SOCIAES

1.<sup>a</sup> Traballare pol-a axuda peceisa para os Pósitos de pescadores constituídos.

2.<sup>a</sup> Pedir a creación d'un Banco privilexado para fomentalo comercio d'Esporación.

3.<sup>a</sup> Protestare sempre contra dos ricos de Santiago e a Cruña pol-o feito vergoñoso de que inda se non decidan a faceren o ferrocarril entr'as duas vilas, por se a protesta pode ter xeito acuciadore.

4.<sup>a</sup> Pedir a rápida construción do ferrocarril chamado da Costa e protestar contra dos deputados galegos que non'o esixan do Goberno d'os primeiros días d'abertura do Palramento, pois hasta agora fixeron sempre a comedia d'erguer a sua voz en defensa de tar importante pleito nas derradeiras sesións das Cortes, para enganar ó país, mediante os xornaes caciquís que galaban os seus discursos.

5.<sup>a</sup> Que se declaren nulas tódalas concesións mieneiras que no termo de dez anos non escomezen a seren esportadas.

6.<sup>a</sup> Derogación do decreto do señor Cambó sobre concesión de fervenzas (saltos d'auga).

7.<sup>a</sup> Que s'esixa teñan aprobadas, cantos seian gobernadores civís, as asignaturas de Socioloxía e Economía Política.

8.<sup>a</sup> Solicitare do Estado o establecemento d'Escolas Agrícolas na Galicia.

9.<sup>a</sup> Pedir que se consíñen as dietas peceisas para que os inxenieros agrónomos poidan daren as conferencias ambulantes que a lei dispón.

10.<sup>a</sup> Pedir tamén que o Catastro rural teña na Galicia un carácter axetado ás condicións da nosa propiedade.

11.<sup>a</sup> Solicitar dos Gobernos que re-

solvan do xeito mais comenente e rápido o pleito das augas xurisdicionaes.

12.<sup>a</sup> Creación d'un Instituto de Reformas Socieaes galego c'unha organización comenente, determinada na Ponencia.

13.<sup>a</sup> Pedir que se lle dea representación nos comités paritarios á crás agrícola.

14.<sup>a</sup> Pedir tamén que les dea representación na Xunta d'Arancés á Asociación das industrias pesqueiras, que son das mais importantes na Hespaña, e ós sindicatos agrícolas galegos que por non chegaren á milleira de socios non poden téla.

15.<sup>a</sup> Solicitare dos Gobernos que autoricen a construción dos portos galegos d'interés xeral por concesión a compañías fortes que reúnan os requisitos que han estabrecerse.

16.<sup>a</sup> Que namentras se non implante a autonomía municipal, autorícese ós Concellos urbanos para emprenderen o negocio da urbanización.

17.<sup>a</sup> Que cando os pranos d'urbanización favorezan a un propietario, aumentando o valor d'un solar, pase este a sere vía pública.

18.<sup>a</sup> Comprenderen no lei d'espropiaación forzosa os espazos libres (parques, campos de foot-ball, etc) e os terreos útiles par'a construción de casas baratas, cand'os Concellos emprendan o negocio da urbanización.

19.<sup>a</sup> Insistire na petición da autonomía integral e coma estado transitorio pasarmos da acabamento das Diputacións provincieas á constitución da Mancomunidade de Concellos galegos.

20.<sup>a</sup> Pedir que par'os efectos electoraes, incluso os municipás, constitúyanse as circunscricións, a base da representación proporcional.

21.<sup>a</sup> Igualdade absoluta política, e civil da muller co' home.

22.<sup>a</sup> Redención dos foros.

#### D'EMIGRACION, CULTURA, IBERISMO, TURISMO I-ESTETICA.

23.<sup>a</sup> Impedir a emigración da muller galega, vergoñosamente esportada fora da pátria, nas Américas prencipalmente, e crear nas escolas rurás ensiños especieas par'as donas.

24.<sup>a</sup> Lograre do Estado qu'en cada un consulado hespañol fáigase un censo para que os emigrados poidan votar i-elexir deputados e senadores, principalmente senadores, se a Alta Cámara se troca, coma se quere.

25.<sup>a</sup> Creare unha Bolsa do traballo galego-americán que radique na Galicia y esteña en relación co'as Bolsas xa creadas pol-os gallegos nos diversos países do estranxeiro, encarregada de fomentalo instrución técnica e facilitar a repatriación n'aqueles casos que seian xustificabres.

26.<sup>a</sup> Celebración da festa do emigrante o día de Santiago, cruzándose cartas, postaes, telegramas e cablegramas, que sirvan para estreitar os lazos entr'os galegos da metrópoli e os que teñen residencia nas nosas numerosas colonias sen bandeira.

27.<sup>a</sup> Creación d'unha Escola de viaxantes do comercio na Galicia que espida títulos, que terán de sere peceisos par'a prestación dos sérvicios no comercio rexional.

28.<sup>a</sup> Implantación na Universidade de Santiago das Cátedras de Dereito, Estoria e Língua e Literatura galegas, cousa doada logo da aprobación do Estatuto autónomo d'aquela.

29.<sup>a</sup> Pedir'os Gobernos hespañol e portugués a libre circulación dos cidadáos d'entrambos países, sen o requisito dos pasaportes.

30.<sup>a</sup> Solicitar o intertroque cultural e d'estudantes entr'a Universidad galega e as portuguesas, deixando libre de dereitos toda crás de libros e obras d'arte.

31.<sup>a</sup> Opôrse á intervención armada d'Hespaña en Portugal, se chegara a estar un movemento sindicalista alén, por considerar Galicia irmá á nazon portuguesa e téla independenxa d'esta com'a sua propia independenxa.

32.<sup>a</sup> Pregare ós estudantes brasileiros que no viaxe proxeitado pol-os estudantes das Américas latinas a Hespaña, veñan eles tamén, e visiten Galicia, por seren nosos irmaos na língoa.

33.<sup>a</sup> Creación d'unha Universidade industrial na Galicia e d'un almacén de prácticas nas nosas Escolas de Comercio.

34.<sup>a</sup> Tendose acordado trocar a Academia da Língoa castelana en Academia das línguas hespañolas, levando a ela o catalán i o éuskaro, con esquecemento do galego, logo de protestar contra este absurdo esquecemento, pidiere que o noso idioma cultívese tamén n'aquela corporación.

35.<sup>a</sup> Pregare ós habitantes de Santiago que defendan por tódol-os meios axeitados os moimentos de carácter artístico que posén, considerando tod'a vila coma un verdadeiro moimento. E por de contado trasladare da Praza do Hospital a estátua de Monteiro Ríos.

36.<sup>a</sup> Pedire que se construyan miradores para os turistas nos vales máis pintorescos da nosa Terra, coma ningunha tica en paisaxes fermosas.

37.<sup>a</sup> Adquisición pol-o Estado de terreos para depósito de grava nas carreteras i ensanche d'estas nas voltas.

38.<sup>a</sup> Que se done pol-o Estado o edificio do antigo Concello da Cruña para adicalo a Museo d'Arte rexional.

#### PROFESION DE FE

A II Asamblea nazonalista de Santiago acordou ratificare o esencial do manifesto aprobado na I de Lugo. Acordou tamén relixire o Directorio, mais creando un novo prán d'organización par'as relacións entr'as «Irmandades da Fala», e pr'as seicións de «cultura», das mesmas.

Os nazonalistas, agora como decote, coidan que o problema galego é un problema de persoalidade, de liberdade e de dinidade.

Queren tódal-as descentralizacións políticas e ademestrativas, mais entenden que aínda conqueridas estas descentralizacións e trocada Galicia n'un territorio rico, e progresivo, o problema nazonalista ficaría sen resolverse.

Só ha ter resolución cando sexamos donos d'unha persoalidade propia baseada no trunfo d'unha propia cultura, que nos independice das culturas alleas, xa que contamos c'unha tradición, c'unha raza e c'unha terra de características especiaes, diferenciada das demais do mundo, na que a língoa é o froito natural por escelenza. Entra-

mentras non cheguemos a ese xeito de suprema liberdade, no que nós dispoñamos dos nosos destinos, con arreglo ás nosas comenencias, n'un libre desenvolvemento de tódal-as nosas posibilidades raciaes, capaces de crearen unha civilización atlántica, o nazonalismo galego non terá abranguido o seu fin nobre, glorioso e santo, benéfico para a Humanidade.

#### CONCURENTES A ASAMBLEIA

Tiveron representación na Asamblea de Santiago tódal-as «Irmandades» e meitas sociedades agrarias. Interviñeron os señores: Banet Fontenla, Cabanillas, López Abente, Taibo, Risco, Noguero, Lousada Diéguez, Peña Novo, Viqueira, Castelao, Asorey, Vázquez Enríquez, Palacios, Rodríguez de Vicente, Villar Ponte, Rodríguez Sabio, Culebras, Branco Torres, Montes, Morais, García Bodaño, Paz Andrade, González, Bidegain, Quintanilla, Castro Fernández, Pombo Somoza, González Pastoriza, Taboada, Pedret, Castro, Posada Curro e Vidán.

#### ADESIÓS

Lois Pérez, do Ferrol; Xavier Prado Lameiro, Peña, Marcial Guizo, Soto, Méndez Aguirre e Rey Soto, d'Ourense; Gregorio G. Espino, de Redondeira; Lustres Rivas, de Vigo; Manuel Díaz e Xesús Fernández, de Monforte; Ignacio Rodríguez, Xesús Carracedo, Xavier Montero, Manuel Peña, Aurelio Ribalta, e Correa Calderón, de Madrid; Ramón Villar Ponte, de Viveiro; Ramón Otero Pedrayo, catedrático no Instituto de Santander; Federación Agraria Ferrol-Pontedeume; Xuventú de Defensa, de Villagarcía; Sociedade Agraria de Paderne; Sociedade agraria rexionalista da Estrada; «A Xusticia», de Villalba; Guillermo Cedrón, d'Avilés; Sociedades agrarias de Negreira; Xoxé Ares, de Bos Aires.

\*\*\*

Presidiron a sesión inaugural da Asamblea os catedráticos da Universidade de Santiago, Cabeza León, Gil Casares (D. Felipe) e Deulofeu, o derradeiro catalán.

Pechouna o señor Gil Casares, que s'espresa moi ben no noso idioma.

Fono segredarios da Mesa, Rodríguez Sabio e Culebras. Persidente da primeira sesión Vilar Ponte; da segunda, Banet Fontenla.

Algunhos sinificados políticos galegos mandaron adesiós, mais coma tiñan xeito condicional non'as facemos figurar entr'as outras.

O xornal madrileño «El Debate», enviou á Asamblea para tomala información o seu redactor D. Lorenzo Valdés.

Despois da Asamblea houbo un mitin para estudantes no que falaron

Castelao, Noguero, Lousada, Montes, Paz Andrade, Risco e Peña Novo.

Froito d'este mitin, fundamente nazonalista, foi que s'acordara polo-s estudantes crearen un Ateneo galego.

As «Irmandades» acordaron adicalle unha lápida a Lois Porteiro, que ha pórse na cova do ciminterio onde acougan as súas cinzas. Encarregouse da facela o xenial escultor Asorey.

## O problema dos foros

### A LIBERTÁ DA TERRA

Pra resolver o problema agrario faise preciso cultivar ó labrego, pra que este cultive a sua vez a terra; e pra cultivar a terra faise preciso que a terra sea libre pra que sempre sea a sua compañeira, non a sua escrava nin el escravo d'ela. É a terra en Galicia está escravizada pol-os impostos, pol-a legislación antinatural e defectuosa, pol-a administración, e pol-os foros.

### OS FOROS

Sobor d'iste problema eisen as opinións máis encontradas. Pero todas elas demostrannos que o problema existe. Unhos non lle dan ningunha importancia: un «ilustre» tratadista (el Labrador a la Moderna), dice que tal problema a ningún debe intresar, porque as terras tanto producen aforadas coma sin aforar; ademais de ser unha afirmación imeditada, é lixeira e máis falsa, porque o problema agrario máis que na produción está na distribución e na organización.

O problema dos foros ten dado lugar a violentas campañas redencionistas coma as derradeiras alentadas por Rodal e Basilio Alvarez. Nós entendemos que violentaban a realidade: os foros non son o principal problema de Galicia nin siquiera o máis urxente: o máis urxente é o das Aduanas e o das Facendas locais. Nas variadíssimas apreciacións que respeito ó mesmo problema tan candente coma nas de Pontedra e Ourense.

### O DOS FOROS É UN PROBLEMA

—: —: SOCIAL —: —:

O problema dos foros non se pode mirar somente dende o aspecto xurídico, sinón principalmente dende o social. Sintetizando a nosa opinión (porque sobor d'isto tense esquirto abundantemente, e non queremos repetir o dito xa por outros), o foro non é en

realidade mais que unha evolución do dereito de propiedade: Xermolado no misterioso seo da Edade Media, persenta elementos novos da Sociedade que asimilaba, que se aveciñaba, e restos dos antigos que quería eliminar (ista é tamén a opinión de Díaz de Rábago).

N-aquel tempo a súa implantación non somente significou un progreso, siñón que era unha necesidade, ou respondía a unha necesidade: d-aquela o labrego ou plebeo ou servo da Gleba ou payés, era escravo do señor e do señorío; o foro deulle propiedade permanente e independente do señor. Polo tanto o foro daquela significou o liberación do labrego; mais a terra seguía escravizada; e o que d-aquela foi un progreso oxe é unha institución maldita pra os labregos: é a escravitude de terra que hay que libertar como antes d-aquela se liberou ó que a traballaba. E namentras non se mire o problema dende iste aspecto, non poderá ter unha solución integral.

A mais dos males por todos coñecidos os foros causan na nosa economía agrícola os seguintes trastornos ou perxuiños: aparecidos en tempos de pouca circulación monetaria, ou de circulación monetaria escasa, nos que as transaccións facíanse en especie, e no tempo do cultivo do centeo (sabido é que o cultivo do centeo é propio das agriculturas primitivas), era iste a especie en que se pagaban. E oxe faise o mesmo pola costume. E por iste exemplo os terratenientes de Galicia impuñeron o pago das súas rendas en centeo; e por iso oxe en centeo se pagan todas as rendas do campo. E ista é unha das causas por que ó labrego téñ que adicar gran parte das súas facendas ó cultivo antieconómico do centeo.

O cultivo na Galicia debe ser hortícola. E o foro dificulta ista comenencia porque o terreo que se adica a ise cultivo, é o que precisa mais melloras e mais traballo. Ademais dificulta mais o desenvolvemento do creto agrícola, polos prorratesoos dispendiosos, polas responsabilidades solidarias, polo privilexio indefinido do dono directo sobre das utilidades das fincas gravadas.

Algunhos opóñense á redención dicindo que os foros son unha ventaxa, porque si ó labrego arrendatario lle aforasen as fincas alugadas por él aceptarían con gusto. Tal afirmación constitúe un sofisma baseado n-unha confusión de épocas: oxe a creación de foros sería ventaxosa pra o labrego porque o faría propietario das fincas arrendadas; mais é muy gravoso, e perxudicial un foro de fai catrocentos anos, porque é unha pensión que grávita sobor d-unha terra en favor de quen nunca á traballou, e que ha de ser pagada

por unha familia que de xeneración en xeneración traballou constantemente, a cotío, e que sendo propitaria por feito e por convencimento e por necesidade, non-a é por ley.

#### PROYEUTO DE REDENCION

E pois un feito indiscutible a necesidade da redención. Agora ben ¿en quen deben xuntarse os dous dominios? Por de contado debe pasar o dominio directo en favor do útil, porque iste, é dicir, o foreiro é que cultiva a terra e pode continuar na posesión da finca sin que se resintan os seus intereses nin os da agricultura; en troques, o aforante ou señor do dominio directo non traballar a terra nin conece os labores do campo e o xuntar n-él ambos dominios sería agravar o problema.

Todol-os proxectos de redención fracasaron, entre outras razóns, porque non poide ser simultánea e d-unha soila vez; non importa que ó labrego se lle den cartos para á redención, porque tería que pagar o intrés do diñeiro sempre superior á pensión foral; as terras pol-o de contado non lle producirían mais, e pol-o tanto vería aumentadas de repente as cargas da súa economía sin conquistar novos ingresos.

Os foros fanse odiosos principalmente pol-a lexislación que os regula, pol-os apeos e prorratesos que non son mais que unha fonte de intranquilidade e de gastos, nin obedecen a ningunha necesidade xurídica, pois non son mais que un relembro do dominio persoal, restos d-un reconecimento de vasallaxe. O laudemio tamén é unha lembranza feudal. E por todo isto as redencións resultan elevadas con exceso, porque ademais do valor económico da pensión hay que pagar un sobrepregio pra redimirse do avasallamento e da intranquilidade.

Por iso, a primeria medida debe ser reformal-a lexislación suprimindo o laudemio, apeo, prorrateso, obrigas do cabezoleiro e responsabilidade solidaria. Feito isto, o valor en venta da pensión foral baixaría automáticamente na metade, e entonces xa podía ser económica-mente ventaxosa.

Pra capitalizal-a pensión non se debe ter en conta o valor da terra, porque tal valor se debe ó traballo do foreiro e non do aforante. Nunca se poide dicir que a pensión é insignificante, porque os antepasados dos aforantes entregaron ós seus servos unhas terras que eles non podían cultivar, verdadeiros ermos estériles sin valor, e a pensión ha de dicir relación ó primitivo estado e non ó estado actual d-unhas terras oxe ben cultivadas e melloradas.

Para a capitalización tamén se debe atender á antigüidade do foro e a clase do cultivo. De xeito que a renda

en especie non debe ser considerada pol-o que vale oxe, sinon pol-o que valía cando se aforou.

A redención será forzosa e periódica, e durará vinte anos; cada ano se pagará ó aforante unha parte, a proporcional que resulte de dividil-o capital por medio d-un insignificante aumento anual no presuposto de gastos, capital que non será reintegrado directamente pol-o labrego, sinón compensado por medio d-unha contribución sobor dos productos das terras liberadas e sobor das novas utilidades que os labregos obteñan no sucesivo en virtude da redención. Asina, sin salir moi perxudicados os donos do dominio directo, podía chegar a unha solución tan ampla coma requiren as novas transformacións sociais. A contribución sobor das terras non podería esceder de tres anualidades por cada unha que o Estado anticipase ó foreiro pra redención.

#### OUTRA IDEIA

Por de contado débese considerar a propiedade do foro como propiedade indivisa con todol-os dereitos dos comúneros pra cada un: foreiro e aforante. Prohibila venda do dominio directo, mais que a favor do dono do dominio útil; recargar a renda do foro con unha contribución progresiva cada ano hasta chegar a cobrar tanto de tributo como sea o importe da renda, sin que poida aumentarse o importe da mesma.

O foro tamén téñ os incomentes das propiedades indivisas.

#### LOIS PENA NOVO.

A ista proposición, lida na Asambleia de Compostela, añadiulle o señor Noguero o seguinte:

Que non se cobren as rendas dos foros procedentes de bés eclesiásticos ou do Estado, nin merezan o onore d'unha redención.

Que o precio do intrés pra redención, seia o que sinalou Monteiro Ríos n'unha R. O. na «Gaceta».

E que o Estado participe n'un vinte por cento, pol-o menos, da redención.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

Suscribase V. A NOSA TERRA

# O meu programa político

## I

## HESPAÑA

E Hespaña un valeiro abstracto? Non é unha suma de concretos: Galicia, mais Asturias, mais Vasconia, mais Castela, mais Cataluña, mais os outros países españos, mais... quen sabe que mais? Hespaña non é un feito é algo que se fai: enxerguese ao longe a federada Iberia! Único xeito de traballar por España é: traballar po-los concretos que a forman e dos que ela é (como din os matemáticos) función.

## II

## LIBERTADE

Denantes de todo Libertade.

Libertade en todo senso pois libertade é vida e a nosa vida debe florir armónica en todo senso.

Libertade non é anarquía.

E organización d'individualidads, seguindo a súa propia lei.

Denantes de todo libertade en todo senso.

## III

## DEMOCRACIA

Democracia é: os homes, na súa libertade, se regeren por si mesmos.

Democracia é pois o goberno por libertade ou esigido po-la libertade.

Loitemos por unha democracia galega.

Mais a probeza escraviza.

A nosa democracia ten que recoller as novas orientacións socias.

Arelemos: unha democracia social que despois de abranguer a igualdade jurídica conquira a igualdade social.

## IV

## PROSPERIDADE

Só nas terras ricas, farturentas a libertade surde.

Porque samente alí os espíritos poden libres do queimor da fame e miseria, ousar os novos camiños do porvir, só alí existen os meios p'ra os homes chegaren ás democráticas organizacións. Trallemos pois po-la riqueza dos patrios eidos:

Industria.

Agricultura.

Ferrocarrís.

Vías de navegación

Bancos etc.

A riqueza é filla do traballo e do talento e saber. Germolen as almas nobres laboradoras dunha mellor idade. Cubizemos p'ra elo a mais refinada das educacións.

## V

## RESUME

A mais libre das razas baixo do sol.

A mais rica das terras antr'as terras: vede o meu programa p'ra Galicia (é p'ra España).

Galiza ten un fin moral que cumprir: tragner á grand'obra cultural da humanidade a súa individual, engebre, civilización. E coma d'unha nota mais p'ra súa plenitude, a humanidade precisa d'ela!

JOHAN VIQUEIRA CORTON.

## DE ORTIGUEIRA

## Notable conferencia

### de Victoriano Taibo

O derradeiro d'Outono foi un bon día pra todos ós que lles gustan estes autos de cultura, y-unha solemnidade pr'ós que teñen o seu credo político cimentado n'a verdade centífica de qu'a nazonalidade galega existe, feita e definida d'unha maneira natural.

Taibo, qu'é un rapaz traballador, que ten unha intelixencia cheia de lus y-un corazón coma un pote, sobre d'o tema anunciado—«O por qué do cultivo d'a fala—fixo un traballo admirable de beleza e de doutrina, un estudio moi feito d'algunhas afirmacións nazonalistas.

xuventude e rebeldía o Presidente d'«Agrupación Cultural» señor Bermúdez e comenzou o conferenciante analizando o concepto de nacionalidade en párrafos ben pensados e ben feitos; estudiou a fala como resultado d'isa diferenciación natural d'os homes por razos; falou d'o pensamento e d'a palabra coma d'un todo sin separación, deducindo d'eiquí ventaxas d'o emprego da lingua nazonal que espuxo e sinalou cón moita verdade e moito acerto; dou as razóns de porqu'as línguas non morren así como así, de real orden, afirmando que quen pretende agrilloalas, deixa sin potencia xermoladora o pensamento d'as razas; fixo as aplicacións comentes á nosa terra; e finou xuntando anacos de poesía d'os nosos clásicos co-a brillante y-enxundiosa poesía d'os seus párrafos sostendo qu'o galego non morrerá.

A xente apraudeu con moitas ganas a leutura d'o poeta lacuden a estreitarl'a mau y-a darlle sinceiras embóras

Temol-a seguridade qu'a conferencia ha sere impresa, e d'ista maneira hamos gozar n'ela outra vez, menguando un pouco ista nosa esperanza o moito disgusto que temos por non poder con-

seguir dar unhas notas compretas que fosen com'a súa síntesis, porqu'é merreciente de se conocere por todos: temol-o medo natural de non dal-as ben.

Sin pretendel-o, fixo Taibo unha obra de propaganda galleguista n'ista vila onde moitos crén qu'os que levan total-as suas forzas a qu'a doutrina nazonalista trunfe n'a nosa terra son homes arelante de notoriedade tan soio, exemplares repetidos d'o aspirante a político que chegando a diputado, y-a sere rico, abóndalle xa.

Mostrou Taibo qu'os galeguistas traballan modestamente, sin barullos sin bombos, y-o trunfo seu, foi un trunfo dobre con un propósito único: propúxose facer labor d'enseño, e tivo un espellante resultado centífico e político—u'a outa aplicación d'ista verba—; porque non todo consiste en conquistar corpos e mans que voten, vale moito—ou vale o todo—facel-a conquista de concencias que refreixen doutrinas, e de corazóns que as garden con agarimo: importan moito, aínda qu'algús pensen que non, os convencidos en silencio.

Taibo, que, como dixó o Presidente d'a Cultural, a mais de tel-o mérito de sere un poeta inspirado, ten o de non pertencere á xuventude de sapos de que falou o poeta, deunos un froito galano d'o seu talento.

Rceiba a nosa mais sinceira embora.

S.

N. da R.—Esto dinnos d'Ortigueira. Nós que sabemos canto val-o noso irmão Taibo, coma poeta e pensadore, tiñamos descontado que a súa conferencia iña sere admirabile. O seu grande trunfo é trunfo da causa. Unha aperta apreixada, forte, agarimosa, querido Victoriano.

Namental-os arrivistas do pseudo-rexionalismo só pensan na política eleitoral, os nazonalistas facemos cultura enxebre, qu'é facer patria.

## Sobr'a nosa agricultura

O xornal de Madri «El Día», publicou un artigo sobr'agricultura galega. Di qu'é a mais atrasada d'Hespaña, por rutina, iñoranza, falla d'abonos, pol-a emigración, etc.

Non ten razón en todo o articulista. Hai outras agriculturas mais atrasadas. A de Castela, por exemplo. Certos cultivos fanse en Galicia, coma no país mais adiantado d'Europa. Inda que outros se fagan moi mal.

O que non se di no mesmo artigo é que a causa principal do atraso da nosa agricultura, radica no centralismo, no arancel dos trigueiros feudais da Meseta que convirte á nosa Terra, n'unha escrava e n'unha mártir.



NA CORUÑA O 25 D'OUTONO DO 1919

NA EXPOSICIÓN DE MEIUDO CORRAL

Alfonso R. Castelao

DADA POR

CONFERENCIA

# ARTE E GALEGUISMO

IRMANDADE DA FALA

— 4 —

tívese o máis outro creto científico, o máis grande valor bibliográfico. Non; un idioma non é somente un xeito d'expresión, é tamén unha fonte de Arte. Quén fose poeta pra decirvos o qu' é un idioma! Eu, artista, por non ollar cegada unha fonte de Arte teño que defender a fala d'os nosos abós.

Cando coidaba qu' o mundo non iña máis alá d'os montes que vían os meus ollos de neno, eu aínda non deprendera o castelán. Por iso pra min ten o galego unha saudade morriña que me lembra o tempo lonxano e feliz d'a miña crianza, o tempo feliz de todos os homes, quizaves máis feliz pra min, que son aldeán. Por iso, por sere aldeán galego, defendo a fala d'os nosos abós.

O Arte galego non é, non, faguer cousas de asunto galego. En Alemaña estrenouse, xa fai anos, unha ópera que se chamaba «Rosa de Pontevedra»; mais a ópera, ¡non ten volta!, era alemana. Sorolla pode ir ó Xapón á pintar unha esca d'o Yoshiwara; mais o que pinte Sorolla non será, ¡que vai sere!, pintura xaponesa. Pra qu'haxa pintura galega—que aínda non-a hai—é preciso pintar en galego, d'a mesma maneira que pra sermos donos d'unha literatura galega, xenios d'a nosa raza escribiron en galego. O Arte é un, e a literatura, com'a música e a pintura galega non poden sere máis que xeitos d'expresión d'unha mesma beleza: a

O azo que teño empurrarme á mostrar os meus sentimentos; des tran encor-rings, medonhosos os pobres; mais as suas guedeirinhas louras, os seus ollos azules, o aquel de bondade e de verdade que n' eles se vexa quizaves fagan abalar os corazóns humanos. Visto é encheitame d'unha fondísima ledicia. Demantes e dispois de que o alemán Bausgarten dese nome á Estética alá polo ano de 1775, déronse mil definicións d'o Arte e amañáronse outras tantas teorías estéticas. Seria de pouco proveito meternos n' elas, pois ou lle chamamos máis a todas ou atoparíamos que as mellores trécanse. Pra nós, que estamos limpos de toda filosofía, o Arte é o Arte e nada máis. (Algunha vez íbamos ser revolucionarios). Empregamos a coto a verba beleza, aunque non sepamos de certo o que quer' dicir, encachándos n'a nosa fala nada máis que pra desentrelar mellor o noso traballo que máis ideas alleas terra que ideas miñas. Cando s'escrita dicir á moitos laces: «ros de miolo de trapoll «eu tal», «eu tal», habia que preguntarlle: pero...? vosede e persoa? Pois o primeiro que

\*\*\*

ser, con tristura, que non son quen pr'amostarvos meus sentimentos enbertos con aquelas xoyas que fan pasar as xentes.

— 8 —

— 5 —

d'a nosa terra. E soudo eu un d'os que traballan polo conqurimento d'un Arte galego, teño que defender a fala d'os nosos abós.

Podería preguntársenos: ¡Valle-Inclán é artista galego? ¡Xa o vexo!; mais Valle-Inclán pensando, sentindo y-escribindo en galego, publica somente unhas traducións literaes en castelán; y-eu chámolle artista galego porque presinto, vexo, c'os ollos d'a i-alma, as suas obras escritas en galego. Podería preguntársenos tamén: ¡Rey Soto é un poeta galego? Non é non; poeta galego é o Ramón Cabanillas, é o Noriega Varela. Rey Soto é un poeta castelán nado en Ourense, moi bó, moi xenial, se queredes; pero alleo. E como eu cobizo pra miña terra un Arte seu, defendo a fala d'os nosos abós.

Algúns escribidores nados en Galicia, que nin son galegos nin artistas, no se fartan de ceibar moreas de prosa querendo fanar con razóns podres, valeiras de senso, o qu' é froito d'o sentimento. Istes turistas n'a sua terra, que describen ou pintan un paisaxe galego coa mesma quentura espiritual con que pintarían unha roda de moer café, son froitos merados d'a nosa terra, á quen non val-a pena de chantarl'os dentes. A centralista Francia bateu as maus d'alegría cando veu rexurdir o xenio da Provenza no Arte milagreiro de Mistral. En troques; xa non digo n'a

Fallo en d'o ofato que moitos teñen pra engayolar con verbas que lles saen d'a boca coma lindas adas de vidro, pregozos, demantes d'o empezo d'esta mba engadella literaria, un pouquido de simpatía e de bondade pra min. Fouco ateto como estou a istes trate- gos d'as letras on d'a musica trunta moitas veces por riba d'as ideas, ben

\*\*\*

n'o seu idioma. Por iso a miña i-alma galega falava en galego. Eu vou a falar de Arte e de simpatía e de bondade pra min. Fouco ateto como estou a istes trate- gos d'as letras on d'a musica trunta moitas veces por riba d'as ideas, ben

Por sere enxebre non vaxades a coi- rtoia detrás de nos, entriba d'o pazo ou d'a chouza onde nascemos. As miñas raíces non son fios; son chicotes, que non me deixan tanquiquera sahir d'a terra de meus abos. Tan namorado da miña terra tiña que falavos en galego.

Por sere enxebre non vaxades a coi- rtoia detrás de nos, entriba d'o pazo ou d'a chouza onde nascemos. As miñas raíces non son fios; son chicotes, que non me deixan tanquiquera sahir d'a terra de meus abos. Tan namorado da miña terra tiña que falavos en galego.

— 7 —

— 9 —

Hespaña!, n'a mesma Galicia, hai es- borrhanchadores que non queren o re- xurdimento d'a fala d'o Rey Sabio: mais...; que l'imos faguer!, istes ma- los patriotas non poden darnos as nor- mas d'o sentimento. E coma eu son bó galego, defendo a fala d'os nosos abos.

E costume chamar galegos á todol-os que naçen en Galicia; mais eu coído, e vos tamén, que non abonda seren na- dos n'unha terra prá seren fillos d'ela. Decíame un dibuxante andaluz de moi- to miolo, querendo eispricar a morri- ña: «os bós galegos tendes raíces n'a terra; mais isas raíces son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dare mil voltas ó redor d'o mundo e alen- tando en chan alleo estades sempre vi- vindo n'os vosos eidos». E ollade coma n'este dito d'un andalúz que compren- de a nosa saudade, encérrase unha chea de cousas. E certo: os bós galegos botamos raíces á beira d'o beree; mais non com'os arbres, non com'a edra que apreix'as pedras d'o pazo ou d'a chou- za onde nascemos. As raíces nosas son finíñas coma fios; o vicio d'a raza lé- vanos lonxe d'o lar, d'a terra mesma que nos don'a forza, sen qu'en ningures atopemos acougo pr'as nosas tristuras; e cando cansos d'a loita non podemos ir adiante sempre temos o camiño d'a volta que turra por nós c'unha forza misteriosa. E n'a volta ó lar énchense os nosos desexos. Os galegos non temos



## Arte e Galeguismo

Cumplindo un deber de outo patrio- tismo, ou mellor dito aínda, d'un ma- triotismo que aceso levo sempre n'o peito, vou falar en galego.

Na fala doce e sentida  
Antre bicos deprendida,  
N'o colo de miña nai,

que dixo o poeta da raza.

Pra que vos fale en galego abonda qu'eu sexa un d'os que traballan pra- erguer a conciencia durmínta d'a nosa persoalidade nazonal; mais eu agora non vou a falar coma galeguis- ta seño coma namorado; d'un Arte que sendo rexional, pudiera conquerir universalidade.

Un idioma non é somente un xeito d'eispresión. Se así fose habería que matar o galego, e dispois, pol'as mes- mas razóns, teríamos que matar o caste- lán, atá que atopásemos c'o idioma que

## Nuno Goçalves i-a pintura galego-portuguesa do quatrocento

Temos dito «pintura galego-portuguesa», coma se di literatura galego-portuguesa, pola dos poetas galegos e portugueses (que todo ven a ser un) que andan mesturados nos tres cancioneiros tan sabidos, de Ajude, de Vaticana e de Colocci-Brancutti. Deixámo-lo primeiramente, apoiandonos na teoría de Xosé de Figueiredo.

«As suas fontes (da pintura portuguesa)—di—essas, a nosso ver, temos que ir procural-as, com a orixen da monarchía, ás que foram causa do apogeu artístico a que chegou, n'ese período remoto, a terra gallega, de que nos desprendemos. A arte portuguesa é, no seu inicio, comuen com a gallega, e não póde separ-se d'ela, como esta não se póde separar da nossa. A Galliza e o Portugal de entáo são duas partes integrantes da mesma raza, não só com o mesmo clima e as mesmas tradições, suas tambien com os mesmos costumes e a mesma lingua, separadas polo acaso da política, e continuando, por isso, durante moito tempo, a viver a mesma vida, tendo aquella, apesa dos esforços empregados pelos castelhanos, desde mediados do século XV, ainda hoje, mais afinidades conosco, do que com aquelle povo». E mais adiante: «A nossa arte de entáo (Edá Medea) veiu sobretudo directamente do gallego, pois ainda hoje se póde, comparando o que resta ver a identidade absoluta que liga uma á outra. «D'esta forma, sempre em contacto con a Galliza, com que tinha vias de comunicación facilísimas, Portugal, que, no resto das suas fronteiras, só por Elvas não estava isolado da Hespanha, viviu durante séculos, a nosso ver, na comunhão artística mais íntima com os nossos irmáos de além do Minho, e a nossa pintura primitiva veiu fatalmente de lá, com a traça das primeiras construccões religiosas. Esta é a conclusão a que somos fatalmente levados, e contra a qual não ha ja o argumento irreductível da não existencia da pintura n'aquela região».

En proba d'esto cita Figueiredo os frescos que decoran o altar maior da eirexa de Lestedo, perto de Santiago, outro na de San Francisco de Pontevedra (1), que representa a Noso Señor na cruz, y-unha táboa do século XV do convento de Belvis.

(1) No viaxe que por Galicia ven de faguer Xosé de Figueiredo, seica ten rectificado a sua opinión tocantes ó fresco este.

Non cabe dúbida—como m'argumentaba fai pouco Castelao—que forzosamente tivo qu'eisistir ó redor do Apóstol, aló, nos nosos séculos d'ouro, unha escola de pintura galega, pois onde froleceron total-as artes y-a arquitectura conquireu tanta perfeución, non podía fallar a pintura. Castelao cree no valor das conxeturas, e ten razón.

Na Edá Medea, Galicia, europeizada polos clunacienses foi un dos máis poderosos centros da civilización; Santiago era unha vila cosmopolita, y-a nosa terra fertilizada espiritualmente por unha corrente continua de galicismo, era a qu'espallaba as influencias benfeitoras d'Europa sobor de Portugal e sobor de Castela. O castelanismo veunos deseuropeizar no millor. Pois ben, os que nos trouxeron a arte románica, tragneríannos tamén a pintura bizantina; eiquí tiveron que vir tamén pintores franceses y-hastra flamengos, cando se construían as eirexas de Santiago y-o pazo de Gelmírez. E d'ehi ven, según Figueiredo a pintura galego-portuguesa.

E non son somente conxeturas: «hai mostras da pintura galega». Ademais dos frescos de Lestedo e de San Francisco de Pontevedra, e da táboa de Belvis, de que fala Figueiredo, tense descuberto outros, xiquera sexa discutible o valor artístico d'algús d'eles.

Na Catedral de Mondoñedo, hai os frescos que representan, os do lado do evanxelio, a degollación dos Santos Inocentes en tres paneis, y os do lado da epístola son catro con sucedidos da vida de San Pedro, que según Murguía, que fala d'eles en «Galicia», página 1131, premiten asegurar polos seus caracteres, seren de mans d'artista rexional. Tamén cita un texto de Riobóo que da noticia d'outros que tiñan o milagre de San Gonzalo, e pintados en 1480 (No libro de Villaamil y Castro, «Iglesias gallegas», Madrid, 1904, donde trascribe o pasaxe de Riobóo, di en 1640; mais tamén di qu'o P. Gándera, que fala d'elas no «Cisne Occidental», di que tiñan letras góticas antiquísimas).

aN eirexa de Santa María de Vivero hai dous paneis co-martirio dos Santos Inocentes, que pola factura parecen de antes do século XV. Anque Villaamil y Castro, na dita obra, di que s'asomellan ás de Mondoñedo, non hai tal. N'as de Mondoñedo, as figuras, todas axuntadas, parece qu'están unhas a ca-

balo das outras. Nas de Vivero están espaciadas, mais sen conta da prespentina; os paneis de Vivero están feitos no estilo e na maneira das illeminceras dos manuscritos, mentras qu'as de Mondoñedo parecen ispiradas nas esculturas dos capités historiados.

Eiquí en Ourense, na Claustra Nova da Catedral, ó desfacel-os almarios onde metían os Beneficiados as suas vestimentas, apareceron detrás dous frescos; un representa a Noso Señor atado á columna, e dous xudíos dándol'azoutes, y-o outro a lanzada de Lonxinos. Debéronse de facer cando se suspenderon as obras da Claustra Nova e taparon os arcos oxivás que lle sirven de marco. Esto di Don Benito F. Alonso, no «Boletín da Com. de Monumentos de Ourense», 4.º número 85. Mais as obras suspendéronse no século XVI y-as figuras levan traxes do XV. Tamén podería ser qu'houberan tapado os arcos antes da suspensión; os arcos aqueles son lisos, e non decorados coma todos os demais da Claustra Nova. O painel da Lanzada está moi ben, polo menos, de composición, d'expressión e d'intención sintética. Ten todo o primitivismo y-a carauterización rexional que compre pr'axuntalo ós outros testemuños. O autor citado di: «Algunhas figuras ofrecen rasgos tan carauterísticos da raza do noso país que probablemente serán retratos de persoas mais ou menos calificadas, qu'o pintore puxo con intención á dereita y-á esquerda de Xesús».

Ha tamén pinturas murás da Edá Medea nas eirexas de Sancti Spiritus de Mellid, San Francisco, de Betanzos, San Francisco, de Lugo, Santiago, de Carril, Vilanova de Sárria, Cambados, Arnego e Santa Clara de Pontevedra, citadas todas no libro de Villaamil y Castro, qu'inda fala de algunhas outras.

O mesmo autore da os nomes d'unhos dez pintores que veñen citados en documentos dos séculos XIV e XV, i-asegura ter noticia de dez en Mondoñedo antr'os anos 1378 e 1496; cinco en Pontevedra, de 1432 á 1446, e dous en Lugo, de 1466 á 1471, habendo xa un en 1228 que serviu de testigo ó Bispo n'un «patum», o que parece significar que non sería un pintor de portas calquera, e que se chama Petrus Fernandi.

Non fala en cambio Villaamil y Castro, d'unha táboa qu'hai na eirexa de Santo Domingo de Lugo, n'un altar do lado do Evanxelio, armado por riba d'unha sepultura. E un Descendimento, sen dúbida do XV, sen qu'eu teña d'él mais noticia, i-é moito mellor que todas as pinturas ó fresco qu'eu teño visto na nosa terra, en orixinal ou en reprodución.

Mais as que resultarían obras maistras da nosa pintura primitiva se se chegara a comprobar qu'erán nosas, serían de seguro dúas táboas qu'hai no Santo Cristo d'Ourense, postas n'un sitio onde ninguén as vé. Unha ten a Virxe, y outra ten San Xuan. Serviron de portais pr'ô camarín ond'estivo o Santo Cristo, e Ambrosio de Morales qu'as viu no século XVI, loubounas moito. Logo andiveron n'elas e derramáronas todas, senón son as caras y-as maus, que presentan dous tipos ben da nosa terra. Os entendidos, non sei porque, din que son flamengas, de fis do XV ou comenzos do XVI. A tradición popular di que viñeron c'o Cristo, polo mar abaixo, no tempo do noso Bispo Vasco Pérez Mariño. Mais este viviu no século XIV. Poidera ser esta tradición, lembranza do orixe estranxeiro y-ultramariño das táboas esas... Anque tamén poideran ser galegas. Esta é cuestión qu'está por estudar.

De total-as maneiras, temos testemuños da existencia d'unha pintura galega primitiva autónoma, testemuños que compre estudar detidamente pra ver o apoio que poden prestar as atinadas consideracións de Xosé de Figueiredo. A tése do crítico lusitano, fica próxima da súa confirmación, que se Dios quer, os tempos han tragar moi logo.

As consecuencias prácticas quedan pr'outro artigo.

VICENTE RISCO,

## OS NOSOS ARTISTAS



### OS CEGOS, por Castelao.

## Nosa bandeira

A Bernardino Varela,  
agradecidamente

ABELAIRA.

Perguntas meu fillo,  
meu fillo-adorado,  
porque tanto bico,  
porque quero tanto,  
o anaco d' tea  
qu'é azul e qu'é branco  
E a nosa bandeira  
meu fillo-adorado.  
E o sagrado embrema  
d'un pobo qu'é escravo  
e que de si mesmo  
arela ser amo.  
Eu quero meu fillo  
que de noite, cando  
tua nai no berce  
téñache axionllado  
gardes dos teus rezos  
pr'a ela una anaco;  
que teñas pra ela  
—com'eu tamén fago—  
de amores e odios  
o prego sagrado

¡que como os amores  
os odios son santos!

\*\*\*

Me dis porqu'eu choro  
meu fillo-adorado,  
a'ela vexo, neno,  
do meu solar Pátreo  
da hestoria o camiño  
de sangue manchado.  
Vexo no Medulio  
o resprandor tráxico  
da roxa fogueira  
de morren sin pranto,  
os héroes sin nome,  
os héroes calados,  
do valor dos celtas  
primeiros heraldos.  
Y-aló en Mondoñedo  
o corpo de Pardo  
de Cela, na forza  
vexo pendurando.  
En Carral, os corpos,  
aínda sangrando,  
de tantos valentes...  
¡Meu fillo-adorado  
é a hestoria d'un pobo  
qu'está engrilloado  
e quere ser ceibe!

¡Non quer ser escravo!  
¡Bica a meu filliño  
meu fillo-adorado!  
¡E da tua raza  
o símbolo sagro!  
¡Cubre xa o teu berce,  
será o teu sudario!

A. ABELAIRA.

## PREGO

¡Morte negra, morte negra, arrédate de  
[min,  
non me leves no millor da mocidade,  
déixame ver da Patria escravizada  
A xusta liberdade!  
¡Vanse cumprir antigas profecías:  
Galicia vai arder de banda a banda,  
y-é perciso que nin un soño  
d'as filas galeguistas caia!  
Dimpóis, cando as miñas forzas  
da loita santa esvaídas vaian,  
¡lévame, morte negra, morte negra,  
que morraei en gracia!  
XOSE ABES.  
Rosario (Arxentina), Outono do 1919.



# PENEIRANDO

En Madrid, creóuse un comité pr'o rexurdimento dos intereses populares de Lugo.

Persidente d'ese comité é o señor Méndez Gaité.

Foi o seu primeiro acordo traballar pol-a candidatura do director do «Acreedor do Estado», pra representante nas Cortes de Lugo, n'un posto que ficou valeiro.

¡Vaia unhos galeguíños aproveitados! O «Acreedor do Estado», é un papel que non conece ninguén; que se publica en Madrid, redautado e inspirado por leguleyos e axentes de negocios á soma dos políticos caciquis galegos, dos que aqueles son criados e servos.

O director ha ser un deputado notable, pol-o mesmo.

A maoría dos galegos de Madrid dan noxo. E dend'agora mais.

¡Pobre Lugo! Sempre na horta.

\*\*\*

Goicoechea o cursi deputado cunheiro estivo en Monforte. Foi moi agasallado pol-os caciques d'alén. As señoritas galegas fillas d'aqueles caciques servíronlle un té d'onore.

Nunca fora Cursilote de damas tan ben servido.

Nunca vimos tampouco cousa mais ridícula qu'é o termo derradeiro do rebaixamento espiritual.

\*\*\*

Tratemos algo do mitin orgaizado na Cruña pol-o «Ideal Gallego». Nel, faláron algús curadores. O derradeiro foi o señor Calvo Sotelo, bô amigo particular noso e deputado pol-o distrito do Carballino, primeiro e único até agora, entr'os de Galicia que saíu eleito sen amaños, frente dos caciques de Bugallal.

O señor Calvo Sotelo dixo que os representantes nas Cortes de Galicia teñen de se unir para defenderen os intereses rexionaes, salvando tódol-os obstáculos e tódal-as disciplinas partidistas que poideran oponérselles. Propuxo o anticaciquismo, o galleguismo e o rexionalismo por lemas. E romatou aconsellando ós galegos que non voten nas próisimas eleccións ós candidatos que non se comprometan a apoyaren o espírito do decreto de Besada, sobre reparto dos consumos. Tivo tamén fortes censuras para Bugallal, galego tirán dos galegos.

Nomeouse logo un comité para traballar pol-as conclusións do mitin.

Parecéunos ben o acto de que falamos. Actos asin son moi comenentes, orgaiceos quen queira. Mais tentos que facer un comentario. ¡Non é triste que haxa que axuntar tantos homes pra

combatir a obra ruín e cativa d'un solo home?

Se para unha cousa tan miuda peresase somellante esforzo, ¡qué esforzos non han necesitar outras meirandes e d'orde ideolóxico?

Son onores d'abondo para un cacique os de tantos mítis e actos públicos. Nos pobos cultos e cheios de civismo, para un home que abusa, abundaría un home con hache grande. Aquí vaise a forza pol-a boca. Todos s'adicaa co m'a águia do proverbio a cazaren mosquitos.

Outros procedimentos resultan millor pra acabarmos co's caciques que non

reifican seus erros. E namentras se non bote man d'eles...


\*\*\*

Os «agrarios» do Gasset publicaron un manifesto político.

¡Vichedes noxo meirande! O agrarismo de Vitorro, de Aller, de Rodríguez e demais caciques é cunheiro. O agrarismo dos causantes do de Nebra; o agrarismo dos das quintas, dos do pierño de Castelao e coasi dos aprendidos do Concello da Cruña. Porque o Vidalíño, tamén é agrario do Gasset.

E Gasset e a cabeza mais valeira o o «vivo» mais burro e fracasado entre tódol-os politiquíños do turno.

## O DIPUTADO POR VEIRAMAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principais librería de Galicia.

## Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

VÉNDENSE:

- |               |   |                    |
|---------------|---|--------------------|
| Na Cruña      | } Administración «A NOSA TERRA»<br>} IRMANDADE DA FALA. | } M. río Pita, 77. |
| Ferrol . . .  |   |                    |
| Lugo . . .    | Id. id. Gerardo Castro.                                 |                    |
|               | Id. id. Vinda de Alonso.                                |                    |
| Santiago . .  | Id. id. Angel Porto                                     |                    |
|               | Id. Editorial «Eco de Santiago».                        |                    |
| Orense . . .  | Id. id. Vinda Pérez Resvié.                             |                    |
| Monfor. e . . | Id. Antonio Fernández Piñeiro.                          |                    |

False cárrego de todas  
cras de traballos grá-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafía e fotograbado,  
ansí coma sellos de  
caucho

## A Papeleira Galega



## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os  
fondos dos barcos. Ga-  
nou Diploma de Hono-  
re, Gran premio e me-  
dalla d'ouro nas Expo-  
sicións de París  
e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell <sup>Vigo</sup> <sub>Coruña</sub>



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,  
Montevideo e Bos-Aires

O día 2 de Noviembre de 1919, aproximadamente e salvo continxencias, sairá do porto  
da CRUÑA o paquebot correo francés


## SAMARA

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60

Para máis informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



## Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da  
CRUÑA sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnífico vapor

## TROUDE

Admite pasaxeiros de 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> crase e 2.<sup>a</sup> económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden  
embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION  
de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARGENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autori-  
zacións, nin poderes dados ante os Consules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar.  
Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da súa  
familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA

## LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


### Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sáns e fortes tomade todol'os días unha canca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o máis cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cos millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



## GRANDES TALLERES

DE LAVADO E FRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursales na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursales ostentan un letreiro como sinal, que reproducen da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursales.

Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvaso manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

## Os viños e coñás millores

son os queisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouh mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino),

## Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña

## EL NOROESTE

## XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)

## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ


Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO



**EFFECTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

**Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**GRAN FONDA**

**Las Cuatro Naciones**

**San Andrés, 102—A CRUÑA**

O novo dono dista fonda, no seu descio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xantase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA**

**GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

**San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA**

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

*Nota:* N'este estabrecimento atopara o público un servíciu permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**Abonos Químicos Mineraes**

**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,**

**Calo Bordoalés ROUCH**

**Rexenerador ROSTTAM** pra os animais debles; pra que as galiñas poñan máis ovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

**Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA**

**Materiales de Construcción**

**CEMENTO ASLAND**

**MADEIRAS — CARBÓN**

**Centro Xeneral de Seguros**

**Ignacio Pedregal**

**NA CRUÑA**

**Gran H. Universal**

**Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO**

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica**

**::: de Calzado :::**

— DE —

**ANXEL SENRA**

**RUA XUAN FLÓREZ**

**Depósito: Cantón Grande, 15**

**A CRUÑA**

**Hotel Continental**

**CASTELAR, 8 e OLMOS, 28**

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

**A CRUÑA**

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

**REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que máis honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

**Servicios directos dende o porto da Cruña**

O 31 d'Outoño aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a

**Habana e Veracruz** o rápido paquete correo



**Prezos do pasaxe (incruído os impostos)**

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores. . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Pri meiracrase		
Ponte superior:		
Camarotes exteriores. . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior . . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE. . . . .	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clase d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

**D. NICANDRO FARIÑA — Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**